



EDITORIAL

Fai dez anos participamos da ilusión colectiva que se xerou co debate da OTAN: mesas redondas, mitines, festas, ... Educadores pola paz aportou o seu grao de area para que o Estado español mantivera un estatus de neutralidade, lonxe da dinámica terrorífica dos dous bloques. Pero a intervención de Felipe González e a estratexia do medo (se non nos aliamos cos países da OTAN, ¿con quen o imos facer?), e moi especialmente o uso partidista da Tv., provocou o xiro no que eran as expectativas de voto da cidadanía, deica entón claramente maioritarias polo non a nosa entrada. Todo un exemplo didáctico, pero terrible, do poder da caixa tonta. Desde entón moitas cousas teñen cambiado. Na actualidade, coa caída do Pacto de Varsovia a OTAN non tería sentido que continuase como organización militar, xa que era iso o motivo e xustificación da súa existencia: servir de contrapeso ao "perigo comunista". Pero as crises na Europa do Leste, e o propio feito que sexa Solana o seu secretario xeral fan que a percepción deste bloque polo conxunto da poboación española sexa moi distinta, mesmo incluso chega a presentarse como instrumento necesario, como forza de intervención "pacificadora", garante de estabilidade en Europa, e, moi especialmente, para contrarrestar a aparición do novo inimigo: o sul, particularmente os fundamentalismos islámicos. A indefinición e usurpación de funcións das forzas baixo mandato da ONU, fan que a OTAN saise reforzada da actual crise na ex-Iugoslavia.

Dez anos despois, con circunstancias e escenarios diferentes, temos que seguir dicindo OTAN non, en primeiro lugar porque xa non existe o suposto inimigo do que nos defendía; en segundo lugar, polo que supón

de instrumentalización dun tipo de seguridade asentada no militarismo de sempre; en terceiro lugar, pola hexemonía dun país, USA, sobre os demais obstaculizando unha nova concepción de seguridade europea; en cuarto lugar, porque impide o desenvolvemento do Capítulo VII da carta das Nacións Unidas que regula a creación dunha forza militar ao servizo da paz e baixo o seu control; en quinto lugar, porque seguimos a pensar que as políticas de seguridade teñen que asentarse en novos conceptos de cooperación, de reequilibrio do poder e de acceso aos recursos naturais e a tecnoloxía e non na superioridade militar duns países sobre outros; en sexto lugar, porque moralmente non podemos sustentar organizacións que dilapidan enormes cantidades económicas en gastos militares mentres a ruptura co sul se agrava, ademais das rupturas sociais dentro dos propios estados occidentais.

Finalmente, non podemos deixar de chamar a atención sobre o feito significativo de que este aniversario pasase absolutamente desapercibido nos medios de comunicación e mesmo por grupos políticos que no seu día apoiaron o non a OTAN. Parece que se quere obviar que fai dez anos houbo un feito histórico que, literalmente movilizou a boa parte do país, e, ademais, que o si a OTAN levaba parello unhas condicións que non se cumpren e mesmo, o propio Rei fai uns días pedía na sede da OTAN, sen nengún tipo de ambages, a entrada de España na súa estrutura militar. Somente a revista **En pié de paz**, no seu número 40, que reseñamos neste mesmo número, adica o seu editorial e algúns artigos a lembrar e analizar este feito. Como diría Bernstein, hai silencios que son moi elocuentes.

PUBLICACIÓNS

AUTORES VARIOS (1995): Por unha Europa de paz, multiétnica e intercultural, Santiago de Compostela.

Celebramos a saída, desta voluminosa publicación que recolle as ponencias e comunicacións do I Congreso europeo de Educación para a Paz celebrado en San-


tiago de Compostela en xullo de 1994, organizado por diversos grupos, entre eles Educadores pola paz, e sindicatos. O libro segue a mesma estrutura na que se organizou o Congreso: No primeiro bloque, "Europa. Seguridade e militarización", abordase as políticas de seguridade e militarización na Europa de hoxe, así como diversas alternativas de paz. No segundo, "Inmigrantes

e refuxiados na Europa de hoxe: racismo e xenofobia", analízase a problemática dos movementos migratorios e de refuxiados, incidindo con especial énfase na cuestión do racismo e a xenofobia e o rebrote dos fascismos. O bloque terceiro, "A función dos educadores para a paz. Retos e perspectivas dos movementos de educación para a paz", presenta unha chea de propostas teóricas, comunicacións varias, talleres, etc. sobre cuestións diversas que van desde os retos e perspectivas dos educadores para a paz, a formación do profesorado en temas de paz, resolución de conflitos, etc. Por último, o bloque cuarto, "Educación intercultural en Europa", presenta unha chea de textos que van desde a análise xurídica do conflito intercultural, a cultura feminina ou a situación da educación para a comprensión internacional. Se ben pode ser positivo recoller todo o que foi o Congreso, botase en falla, non obstante, un maior rigor na súa selección e organización dos textos. En calquer caso, hai que falar dun novo éxito da educación para a paz en Galicia.



■ ACSUR-LAS SEGOVIAS (1995): **Experiencias de educación para el desarrollo en el trabajo con jóvenes.** Madrid, ACSUR-Las segovias.

Recibimos esta interesante publicación que recolle tamén o traballo dun Congreso, neste caso o titulado "Experiencias de educación para el desarrollo en el trabajo con jóvenes", celebrado en Tres Cantos (Madrid), en setembro de 1995. A publicación estrutura-se en tres partes. Na primeira, "Experiencias de educación para el desarrollo en España", diversos ponentes analizan a evolución da educación para o desenvolvemento no Estado español, a súa situación actual e algunhas experiencias concretas levadas a cabo. Na segunda parte, "Experiencias de educación para el desarrollo en Europa", analízase a situación da educación para o desenvolvemento en Irlanda, Francia, Italia e Bélxica. Na terceira parte, "Apuntes para el debate", presentanse unha chea de textos que van desde o papel dos xoves na cooperación para o desenvolvemento; a articulación das ONGs co movemento asociativo xuvenil; a educación para o desenvolvemento no marco da LOGSE; a educación para o desenvolvemento




to na educación non formal ata planificación e xestión de proxectos de educación para o desenvolvemento.

As persoas interesadas poden poñerse en contacto con ACSUR-LAS SEGOVIAS. Avda. de América, 10-5º B. 28028 MADRID. Tfños: (91) 725 51 02 e 725 52 89. Fax: (91) 725 52 77.

■ CHOMSKY, Noam e RAMONET, Ignacio (1995): **Cómo nos venden la moto.** Barcelona, Icaria, Col. "Más madera".

O sempre agudo e crítico pensamento do admirado Chomsky volve a presentarnos en castelán un texto breve, pero sen desperdicio, das técnicas de propaganda e persuasión nas nosas sociedades "democráticas" occidentais. Co poder cada vez máis forte dos media, non é de extranar que, tal como se fai no libro, se construa un simil entre o que é a propaganda á democracia como a porra aos rexímenes totalitarios. Chomsky amosanos con claridade como son as técnicas de persuasión, como e quen as aplica, con que intencións e como actúan sobre nós.



Pola súa banda, Ignacio Ramonet, Profesor de Teoría da comunicación audiovisual da Universidade de París VII, amosanos con diversos exemplos, como os medios de control e vixianza teñense multiplicado deica construír a chamada inxeñería da persuasión e, por outra banda, a propiedade de ditos media.

Ademáis deste libro, queremos recomendar pola súa claridade, pola importancia dos temas e a garantía das firmas, o conxunto da colección "Más madera" na que se inscribe este texto. Trátase dunha colección de libros de pequena extensión, en torno ás cen páxinas, sen tecnicismos pero con rigor. Os títulos publicados, ademáis do reseñado, son: **Corrupción**, de José Mª Tortosa; **Hagan juego**, de J. Petras e S. Vieux, sobre a situación de América Latina; **La compasión no basta**, de Vicenç Fisas, sobre as claves dos desastres e situación do chamado Terceiro Mundo; **Secretos que matan**, de V. Fisas, sobre o comercio mundial de armas; **El muro invisible**, sobre a situación do Mediterráneo; **En el nombre de Dios**, de Sami Naïr, sobre a situación do Magreb.

As persoas interesadas nesta publicación, poden pedila nas súas librerías ou ben na editorial:

Icaria. C/Ausiàs Marc, 16-3º, 2ª.
08010 BARCELONA.

■ SOS RACISMO (1995): **El racismo en el Estado Español. Informe 1995.** Madrid, SOS Racismo.

"En España non somos racistas". Esta é unha frase que se pode escoitar a miúdo en calquera lugar da xeo-

grafía hispana. Pois ben, para demostrar a inexactitude da mesma e co fin de chamar a atención da sociedade en xeral sobre o incremento e a proliferación de actitudes e comportamentos xenófobos e/ou racistas, SOS Racismo presenta o seu informe anual sobre as manifestacións destes tipos que teñen lugar no Estado Español.

O libro, que conta cunha introducción nas catro linguas do Estado, está estruturado en dez capítulos nos que se abordan os seguintes temas: discriminación do pobo xitano; aplicación discriminatoria da política de extranxería; abusos de poder e agresións policiais; grupos violentos organizados; discriminación laboral; problemática da vivenda para os grupos marxidados; actitudes e declaracións de responsables políticos e institucionais; resultado das últimas enquisas sobre a actitude dos cidadáns e cidadás do Estado Español cara as minorías étnicas, rematando cunha pormenorizada análise dos graves sucesos acaecidos no mes de outubro en Ceuta.


Utilizando un formato periodístico de clara e doada lectura, o incesante relatorio de casos presentados no informe permite concluir con rotundidade que, dende Galicia a Catalunya e dende Andalucía a Euskadi, o fenómeno do racismo e da xenofobia está presente e en clara expansión, e -o que resulta máis preocupante aínda- en moitos casos amparado e potenciado polas mesmas autoridades que deberían velar polo seu freno e erradicación: policía, xuíces, responsables políticos e/ou institucionais, etc.

Libro moi recomendable para tomar conciencia da problemática nel denunciada e para actuar en consecuencia.

Precio: 1000 ptas. Pedidos: a calquera dos trece centros que SOS Racismo ten no Estado Español (en Galicia: Apartado de Correos 441 de Vigo), ou en librerías especializadas.

Revista **En pié de paz**, nº 40, primavera 1996, Barcelona.

Coa saída do nº 40, a revista **En Pié de Paz** cumpre dez anos. Dez anos de compromiso cos valores dunha cultura de paz; da non violencia; da solidariedade; do compromiso coa xustiza. O aniversario ben merece esta reseña. Como se sinala no seu editorial, "o reto do pacifismo é soste a necesidade dunha nova orde social, máis xusto, feminino e solidario. E seguir defendendo a existencia de vías nonviolentas para dirimi-los conflitos, sexan do tipo que sexan. Defender a intervención humanitaria desarmada. Nesta liña inscribese tamén o seguir desbaratando os mecanismos do medo, individual, grupal e institucional. Atacando as súas causas, desnaturalizando a súa percepción e aportando ana-



lise e feitos que encarnen en positivo a política de redistribución de riqueza e de profundización democrática e de convivencia que propugnamos" (px.6).

Non é a primeira vez que nos facemos eco desta Revista nas páxinas deste Boletín. Desde o seu comezo, o grupo EDUCADORES POLA PAZ mantívose atento a súa evolución e apoiando a

súa difusión ata integrarnos no seu Consello de redacción. Pero agora, co gallo deste aniversario, consideramos que é un bó momento para relanzar a revista no noso país. E queremos empezar polos lectores do NOVAPAZ, lembrando que as páxinas de **En pié de paz** son un bó nutriente e un bó medio para participar no debate da construción dun pensamento pacifista crítico e alternativo. A subscripción normal é de só 2.000 pts. e a de axuda 3.000 Pts. Podedes facelo escribindo ou chamando a: En pié de Paz. Mayor de Gracia, 126-130, Pral. 08012 BARCELONA. Tfno: (93) 217 95 27.


Aproveitamos estas páxinas para enviar aos nosos compañeiros e compañeiras de **En Pié de Paz** un cálido mensaxe de amor, de recoñecemento e de gratitude polo seu traballo solidario. Gracias, ¡e que cumpra moitos máis!

MARHUENDA, Fernando (1995): **La educación para el desarrollo en la escuela.** Posibilidades e interrogantes. Barcelona, Intermón.


Nesta obra abórdanse, con carácter introductorio, as posibilidades e dificultades con que se atopa a Educación para o Desenvolvemento dende a perspectiva da escola, a partir da implantación da LOGSE.

O texto consiste nunha serie de reflexións que o autor fai respecto de diversas cuestións educativas (os principais metodolóxicos, as estratexias de traballo no aula, os materiais...) enfocadas sempre dende a perspectiva da educación para o desenvolvemento como cuestionamento dos modelos dominantes.

O seu precio é de 450 pts., e pode solicitarse a calquera sede de INTERMÓN, en Galicia a: R/ Salvador de Madariaga, 45 baixo, 15008 ou no telf. 981 - 13 54 44, en horario de 4 a 8 da tarde.



el egoísmo de quien antepone sus intereses a los de los demás, de quien provoca el sufrimiento, de quien colabora con el poder para someter a los débiles, de quien valora más el calor de su piel que el de su corazón, de quien destruye lo de todos en beneficio propio, de quien se escuda en la violencia para someter a los demás, de quien contamina, de quien humilla, de quien construye fronteras para su beneficio...



SEMINARIO PERMANENTE "RESIDUO PARK" DO C.P. IGREXA-SOMOZAS. SEMINARIO PERMANENTE DE EDUCACIÓN PARA A PAZ (1995): **Siluetas para un Teatro de Sombras**. Edición dos autores.

Trátase dunha proposta didáctica de indubable valor educativo. Desde o teatro de sombras, nenos e nenas poden desenvolver actividades de verbalización unidas á emoción estética e creativa, no marco dun xogo didáctico cooperativo.

O Teatro de Sombras é un espectáculo exótico de figuras negras, fortemente iluminadas por detrás, nacido na China milenaria e que chega a Occidente ao través da cultura islámica, con referencias ao mudo céltico e artúrico de castelos, dragóns e princesas. Ven a ser, xa que logo, un exercicio de mestizaxe cultural, arroupado nun esteticismo barroco común á tradición teatral de oriente e occidente.

A obra que presentamos contén claras explicacións sobre as técnicas de construción e representación de escenarios e sombras (os nenos e nenas poden e deben deseñar as figuracións en cada conto), proxección de luces, sons, efectos especiais, etc.

A proposta didáctica, de aplicación interdisciplinar para tódalas etapas do Ensino Xeral Básico, vai acompañada de dúas encantadoras e axeitadas obriñas para un Teatro de Sombras: "*Desde o corazón do bosque*",

de Agustín Fernández Paz e "*Entangarañados*", de Calo Iglesias. Fernández Paz, recrea un mundo máxico de dragóns, lobos, bruxas, ananos..., que acuden á chamada do Mago Merlín para salvar o bosque das agresións dos humanos. Calo Iglesias, sitúanos na parroquia de Fauniña e na súa fraga encantada onde están a nacer, "entangarañados", dragoncillos, coellos, gatapedros, ananos... ¿Cal é a causa desta desgracia? Será a toupa quen o descubra: a contaminación nuclear.

"Siluetas para un Teatro de Sombras" responde, de xeito moi afortunado, á demanda nas nosas escolas dun teatro educativo onde se combinan as propostas didácticas específicas coa emoción estética, a creatividade e os valores da Paz.



NOVAS

IX XORNADAS DE EDUCACION PARA A PAZ

A sección de EDUCADORES POLA PAZ de NOVA ESCOLA GALEGA de Ourense en colaboración coa Facultade de Humanidades de dita cidade, organizaron, como cada ano, as súas Xornadas de Educación para a Paz, nesta ocasión co lema "Por una escola do povo. No centenario de Celestin Freinet". Os actos tiveron lugar entre os días 23 e 27 de marzo con arreglo ao seguinte programa. Venres, día 22, conferencia de Félix Etxeberria, "Escola e culturas minoritarias". Sábado, 23, pola mañán houbo un interesante debate cos fundadores do movemento Freinet en Galicia. Pola tarde, unha mesa redonda sobre "Renovación pedagóxica na península: Freinet no horizonte", con participación de representantes de Asturias, Portugal e de Nova Escola Galega. Lúns, 25, ás 18 horas, unha nova mesa redonda para presentar experiencias da pedagogía Freinet de Galicia e Norte de Portugal; e as 20 horas, unha conferencia de José González Agapito sobre "Educación para a paz na Escola nova e no movemento freinetiano". As xornadas remataron cunha conferencia, o mércores 27, de Jaume Trilla sobre "A interacción escola-medio; un reto para a renovación pedagóxica". Compre salientar o enorme éxito de convocatoria, 220 persoas, así como de participación nos debates e presentación de experiencias e comunicacións.

II CONGRESO DE EDUCACION PARA O DESENVOLVEMENTO

Organizado por Hegoa, celebrouse en Vitoria do

24 ao 27 de abril o II Congreso de Educación para o desenvolvemento, baixo o lema "**De la transversalidad a la educación global**". A estrutura do Congreso estableceuse en torno a cinco modalidades: ponencias; seminarios; obradoiros; comunicacións orais e comunicacións en paneis. Máis información, Hegoa. Manuel Iradier, 6-bajo. 01006 VITORIA. Tfno. (945) 13 15 87.

REVISTA ESPACIO PARA LA PAZ

Saudamos moi garimosamente a aparición da revista trimestral **Espacio para la paz**, que edita o Colectivo Educar para la Paz de Extremadura. Trátase dunha pequena pero interesante publicación na que aparecen artigos sobre temas de actualidade ligados a unha cultura de paz; novas; recensión de libros e propostas didácticas. As persoas interesadas en obter máis información; subscripcións (CATRO NÚMEROS AO ANO COSTA 500 PTS.); etc. poden dirixirse a:

Colectivo Educar para la Paz de Extremadura. Travesía Puente Vadiño, 7-1º E. 10004 CACERES.

ENCUENTROS DE EDUCACION PARA A PAZ

Organizado polo Seminario Permanente de Educación para a Paz de Santiago de Compostela, tiveron lugar nesta cidade do 19 ao 21 de abril o que segundo os organizadores é a XI edición destes Encuentros. Nesta ocasión o lema era "Escola e poder", e, sen dúbida, o máis reseñable é a homenaxe a Gonzalo Anaya. Houbo conferencias e mesas redondas sobre, escola e poder a cargo do propio homenaxeado; o Estatuto xurídico dos

directores en Europa; a masculinización do poder na escola e educación e democracia na escola pública. Os obradoiros foron sobre a LOPEG; o rol do profesorado e a participación social en Galicia.

VI XORNADAS ENTREPOBOS

Co lema "**Africa, esa descoñecida**", a ONG Entrepobos organizou un ciclo de conferencias os días 2, 7, 9, 14 e 20 de maio, na Galería Sargadelos de Vigo, para aprofundar e reflexionar sobre a realidade dos pobos africanos. O programa foi o seguinte: Xoves, día 2, Mbuyi Kabunda, "Africa no contexto internacional"; Martes, día 7, Richard Mukur Mababu, "Os procesos de colonización e descolonización africanos e a súa incidencia na realidade actual"; Xoves, 9, Inongo-vi-Makomé, "O choque das etnias e culturas africanas co mundo occidental"; Lúns, 20, Illimane Ndoyé E Ramón Pérez García, "Africa en Galicia: os galegos e galegras fronte ao feito da emigración".

Tamén houbo unha **EXPOSICION FOTOGRAFICA** titulada "As raíces da fame", do 22 ao 31 de maio na Casa das Artes de Vigo.

II XORNADAS SOBRE TRANSVERSALIDADE: PAZ, MEDIO AMBIENTE E CONSUMO.

Organizadas polo CEFOCOP (Centro de Formación Continuada do Profesorado) da Coruña, van ter lugar no Colexio P. Bergantiños de Carballo (A Coruña) do 3 ao 6 de xuño a segunda edición destas Xornadas celebradas na primeira edición na cidade herculina. As Xornadas estrutúranse en conferencias; obradoiros e presentación de experiencias. Agardamos e desexamos que en Carballo dispoñan cando menos da mesma aceptación que as primeiras. As persoas interesadas poden poñerse en contacto co CEFOCOP da Coruña: Tfno: 29 06 88 e 29 07 47. Fax: 29 01 57.

VENDA DE MATERIAIS POR CONTRAREEMBOLSO

Se asistiches alguha vez a algún ENCONTRO GALEGO DE EDUCADORES POLA PAZ (e se non o fixeches, non deixes pasar unha oportunidade máis sen poder facelo), ou alguha actividade por nós organizada, verías que alguha persoa do grupo estaba ao fronte dunha mesa con material bibliográfico á venda. Mesmo é probable que mercaras algún dos nosos materiais. Sen embargo, ao mellor non sabes que coa venda dese material estás a contribuir a manter o pago do NOVAPAZ. Agora en colaboración coa tenda solidaria ARAO recen-

temete aberta en Vigo, e da que nos facemos eco nesta sección, ofrecemosche a oportunidade de servirche os materiais que nos pidas por contrareembolso. Con elo non só podes adquirir un material que nalgúns casos resulta de difícil adquisición, senón que ademais estás a axudar aos colegas de ARAO e un pouquiño ao NOVA-PAZ. Nos próximos números irase ampliando a relación de títulos e materiais.

Os títulos e precios que neste momento podemos enviarvos por contrareembolso son os seguintes:

- EDUCADORES POLA PAZ (1986): **Educación para a paz**. A Coruña, Vía Láctea.
Precio 1800 pts.
- JARES, X.R. (1989): **Técnicas e xogos cooperativos para tódalas idades**. A Coruña, Vía Láctea/Nova Escola Galega. (Segunda edición correxida, 1993).
Precio 2400 Pts.
- JARES, X.R. (1991): **Educación para la paz. Su teoría y su práctica**. Madrid, Popular.
Precio 1400 Pts.
- JARES, X.R. (1992): **El placer de jugar juntos. Nuevas técnicas y juegos cooperativos**. Madrid, CCS.
1500 Pts.
- TAIBO, C. (1994): **20 Preguntas sobre os conflitos iugoslavos**.Vigo, Nova Escola Galega.
Precio 300 Pts.
- **REVISTA GALEGA DE EDUCACION**, nº 18, adicada aos "temas transversais".
Precio 700 Pts.

NOTA: Aos precios sinalados compre engadirle os gastos de envío. Forma de pago por contrareembolso.

ARAO TENDA SOLIDARIA

Recentemente abriu en Vigo unha tenda solidaria, Arao, que só comercializa produtos elaborados por cooperativas instaladas nas zonas máis subdesenvolvidas do planeta, coas que tamén colaboran en proxecto económicos. Arao ten á venda tres tipos de produtos. Por unha banda os alimenticios, como café de Costa Rica, ron cubano, zucre de Filipinas, chocolate boliviano, mermelada de guaiaba do Ecuador, etc.; por outro lado produtos textís e de artesanía como hamacas de Guatemala, camisetas, xoguetes infantís de diversos países; roupa; etc.; o terceiro elemento son os libros, especializados nas relacións norte-sul, economía alternativa e educación para a paz. Arao pertence á cooperativa IDEAS (Iniciativas de Economía Alternativa e Solidaria), que conta con outras dúas delegacións en Lugo e Santiago. Tamén están a comercializar produtos galegos xurdidos dunha economía social. As persoas interesadas, poden pasar por Arao, sito na rúa Elduayen, 8, baixo C. 36202 VIGO

VALORACIÓNS E CONCLUSIÓNS DO X ENCONTRO GALEGO E III GALAICO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ

Do 12 ao 14 de abril, na fermosa vila de **Vilanova de Cerveira** (Portugal), 133 persoas vidas das catro provincias galegas; do Norte de Portugal; da zona de Lisboa; de Valencia e do País Vasco dimonos cita un ano máis para compartir experiencias, opinións, materiais, coñecementos, anxeios, xogos, dúbidas e

tamén certezas, e..., sobre todo, encontrarmonos. Encontrarmonos non só como fin senón tamén como medio, en tanto que vehículo organizativo, para construír unha nova cultura, unha cultura de paz.

Organizado como en edicións anteriores polo grupo **EDUCADORES POLA PAZ de NOVA ESCOLA**



GALEGA e, por parte portuguesa, polo **MOVIMENTO DE EDUCADORES PARA A PAZ (MEP)**, ao que se sumou nesta edición o **NUCLEO DE EDUCADORES PELA PAZ** de Viana do Castelo. Como se dixo na apertura e clausura do Encontro, é de xustiza salientar o apoio do Sindicato dos Profesores do Norte (SPN), sabendo estar no seu sitio, sen nengún tipo de protagonismos. Xa nos gustaría que no noso país os sindicatos apoiaran os Encontros tal como fixo o SPN.

Como ven sendo habitual, os Encontros comezaron o venres pola tarde cunha sesión de **xogos de presentación e coñecemento**, ao que lle seguiu a **mesa redonda**, este ano co tema "**¿Racistas son os outros?**". Participaron Magdalena Oro, representando a Chavós, asociación galega de traballo con xitanos; Luis Pérez Leira, representando a CIG-Emigración e Eduardo Costa do Consello Portugués da paz e a Cooperación (CPPC). Moderou Pedro Cuadrado de Educadores pola Paz. Houbo unanimidade nos contertulios en resaltar o avance do racismo e a súa relación coa situación socioeconómica, tanto na Galiza como en Portugal. En calquer caso, cada un dos participantes espuxeron os seus particulares mundos de traballo; nun caso cos xitanos; noutro cos inmigrantes e no caso portugués a forte presenza en determinadas zonas do país de personas das excolonias portuguesas.

Despois de cear e antes de facer unha sesión de xogos e dramatizacións para seguir coñecendo nos (neste senso recollendo unha das propostas feitas na última edición), os representantes dos grupos presentes no Encontro presentaron ás súas respectivas organizacións, co fin de que os asistentes, desde o primeiro día, poidan coñecer aos representantes de ditas organizacións por se desexan tomar contacto con eles, pedir materiais, información, etc. Nesta edición os **grupos ou organizacións presentes no Encontro foron**: Nucleo de Obxectores de Conciencia da zona do Porto; Oikos (Lisboa); Gesto por la Paz (País Vasco); Espacio de Formación Integral (EFI) (Valencia); Cruz Vermella Xuventude (A Coruña); Seminario Permanente de Educación para a Paz (Santiago de Compostela); Entrepobos (Redondela. Pontevedra); Chavós (Santiago de Compostela); CIG-Emigración (Vigo); Consello Portugués da Paz e a Cooperación (CPPC. Lisboa); Delegación Saharai; representantes de Chiapas (México). Estes últimos, fixeron unha longa exposición explicándonos a situación de Chiapas. Enviaron

mensaxes de solidariedade ou chamaron diversos grupos que non poideron estar presentes, como Intermón; Amnistía Internacional e Movemento de Obxección de Conciencia (MOC) da Galiza.

O sábado pola mañá, tivo lugar o **tema de debate**. Este ano estaba adicado ao "**Multiculturalismo-interculturalismo**", sendo ponentes Luis Souta, docente da Escola Superior de Educación da Universidade de Setúbal e Carlinda Leite da Facultade de Psicoloxía e Ciencias da Educación da Universidade do Porto. En sendas e brillantes exposicións os ponentes contextualizaron a situación da educación intercultural en Portugal; as relacións entre a educación intercultural

e a educación para a paz; como son encaradas ambas pola "dereita" e a "esquerda"; as bases dunha escola para todos e, por conseguinte, intercultural; o paso dunha cultura "única", co conseguinte rexeitamento dos asimilacionismos, os contactos de culturas e a interacción cultural; finalmente o papel do profesorado, en canto que mediador de culturas, a súa formación intercultural e a presentación dos proxectos nos que os ponentes están a participar. Unha vez que se fixo a exposición, os participantes dividímonos en tres grupos para analizar e debater a ponencia. Proba do interese do tema é que a mañá se nos foi e tivemos que facer a posta en común do sucedido nos tres grupos pola tarde, o que ocasionou un retraso notable nas seguintes sesións de traballo.

Despois da posta en común, fíxose a **presentación de experiencias** en tres grupos simultáneos. As experiencias presentadas foron as seguintes: "Os abrazos" e "Itinerario polo mundo a través da música", presentadas por Marga Sampaio, do Colexio P. Bergantiños de Carballo (A Coruña); "Somos viciños, seremos amigos" (intercambios Galiza-Portugal), por Clara Torres Martínez, do Colexio P. Ponte Internacional de Tui (Pontevedra); "A semana da solidariedade e a tolerancia", por Carmen Pérez, do Instituto de FP do Porriño (Pontevedra); "Cultura para la paz", por M^a Luisa Cardona, do grupo EFI de Valencia; "Situación do Sahara e accións solidarias desde Galiza", polo representante do Frente Polisario en Galicia; "Xitanos-paios", por Duarte Crestar, do Colectivo Chavós de Santiago de Compostela; "Ponte nas ondas" (radio escolar Galiza-Portugal), por Santiago Veloso e Raúl Francés do Porriño; "A loita pola paz no País Vasco", a cargo de tres representantes de Gesto por la Paz e "A obxección de conciencia en Portugal", polo Núcleo de Obxectores de Conciencia da zona do Porto.

A continuación, fíxemos a primeira sesión dos **obradoiros**. Nesta edición foron seis obradoiros (oficinas) simultáneos: "Os dereitos das crianças", por Daniel Espain (Porto) e Rosa Branco (Viana do Castelo); "Os contos e a paz", por Bernardo Carpentel (Vigo); "Danzas do mundo", por Carme Fernández Soengas (O Morrazo, Pontevedra); "Resolución de conflitos", por Xesús Jares (Vigo-A Coruña); "As tradicións na construción da paz", por José Dantas de Lima (Viana do Castelo) representantes do Nucleo de Educadores pela paz e "Criatividade en todas as direccións", por M^a Virginia Rodrigues (Lisboa).

Despois da cea, fixemos a **Festa pola paz**: cancións, xogos cooperativos e moitas, moitas danzas do mundo. A eso das dúas da mañá, máis ou menos, a festa foi máis festa cando nos comunicaron que Aldaya fora liberado. Todos emocionados, mirando para os tres representantes de Xesto pola paz, decidimos cantar unha canción de liberdade como foi e segue a ser, "Grandola vila morena", foi un momento máxico. Logo seguimos cantando, xogando, bailando e outra vez cantando ata que o día 14 de abril, aniversario da II República española, comenzaba a crarexar.

Na mañán do domingo, continuaron os seis talleres coa segunda sesión, para logo facer a **avaliación e a clausura do Encontro**. Na sesión da avaliación, un ano máis as persoas que fixeron uso da palabra para daren a súa opinión do Encontro facían que a carne se nos puxera de galiña. E é que, por enriba dos ponentes, dos obradoiros, das experiencias, unha vez máis é o ambiente que se vive, o tipo de organización que caracteriza ao Encontro o que realmente sempre se destaca por enriba de todo. Nesta análise organizativa, houbo persoas que manifestaron a súa mágoa por non poderen asistir a tódalas experiencias (un vello debate que, sen embargo, desde fai dous anos decidimos facelo de forma simultánea polo problema do tempo e que, en xeral, é valorado como máis positivo). As **propostas de resolución** aprobadas por unanimidade foron as seguintes:

- a) Denunciar os ataques de racismo e xenofobia que se están a producir nos nosos países, tanto por parte de grupos minoritarios neonazis, como por parte de certas autoridades e personaxes públicos.
- b) Repudiar públicamente as violacións dos Dereitos Humanos contra sas minorías étnicas nos Estados Unidos; particularmente, pola súa actualidade, a represión exercida contra os cidadáns latinoamericanos procedentes da fronteira de México que intentan entrar naquel país co obxectivo de buscar traballo. Os últimos acontecementos vistos por millóns de telespectadores de todo o mundo, son un exemplo do trato por parte das autoridades norteamericanas cos colectivos migratorios.
- c) Condear a ocupación de Timor Leste e o xenocidio practicado por Indonesia sobre o pobo maubere.
- d) Rexeitar a reanudación das probas nucleares francesas e chinesas. Na carpeta do Encontro aparecía un texto de condear da enerxía nuclear e polo peche progresivo das centrais nucleares.
- e) Congratularnos da liberación de Aldaya e condear todo tipo de violencia e vulneración dos dereitos humanos.
- f) Solidarizarnos coa loita dos pobos saharauí e chiapaneco, de cuílos pobos tivemos representantes no Encontro. No caso saharauí aprobouse unha condear da política exterior española coa ex-colonia, tanto polo retraso do referendun de autodeterminación como pola venda de armas a Marrocos, moitas delas, ademais,

con cargo aos créditos FAD de axuda ao desenvolvemento.

- g) Reclamar das administracións educativas apoio real para desenvolver programas de educación para a paz, tanto na formación do profesorado como incentivando a creación e difusión de materiais didácticos acordes con estes postulados.

Unha vez feita a **foto da paz**, entregadós os diplomas cunha acreditación oficial de 20 horas, fíxose a clausura do Encontro, quedando xa aberto o prazo de matrícula, presentación de experiencias, etc. para a **seguinte edición a realizar nalgún lugar da provincia de Pontevedra en abril do 97**.

¿Cál é a valoración da organización?. Pois, unha vez máis, o principal problema é o tempo; o programa do Encontro está repleto de actos e ao demorarse un deles supón que arrastra retraso para o resto do día. Consideramos que para próximas edicións temos que ser, organización e asistentes, máis esixentes co horario e a puntualidade. Tamén este ano, se, como dato moi positivo, houbo unha representación importante de persoas de Portugal (60 aproximadamente), en cambio nas experiencias houbo escasa presenza. Cómpre pois animar aos colegas portugueses para que presenten os seus traballos e experiencias didácticas. Como aspectos positivos, a calidade dos ponentes e, polas valoracións feitas, dos obradoiros e experiencias. E nós, como os asistentes, tamén resaltamos o propio feito organizativo intercultural, experiencia de facto inédita na Península ibérica, como o máis salientable. No Encontro falase tres línguas -galego, portugués e castelán-, ademais este ano escoitamos euskera e catalán; no encontro aprendemos música, poesía, realidades educativas de aquí e alén Miño de forma directa e vivencial. No Encontro non só falamos de comunicación, cooperación, resolución de conflitos, senón que, sobre todo, intentamos levalo á práctica. Todo elo a través dunha aprendizaxe directa e feliz. ¿Quen da máis?. O dito, quedades, pois, desde xa convocados a preparar e participar no **XI ENCONTRO GALEGO E IV GALAICO-PORTUGUES DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ**.



EDUCACIÓN PARA A PAZ. O MÁIS BÁSICO.

- AUTORES VARIOS (1987): "Edupaz". **Cuadernos de Pedagogía** (monográfico), nº 150, julio-agosto. (Tamén os números 107; 112; 125; 132; 140; 155; 163; 164; 170; 174; 215).
- AUTORES VARIOS (1992): "Educar para la paz". **Comunidad Educativa**, (monográfico), nº 193, enero. (Tamén os números 186; 195; 202).
- AUTORES VARIOS (1993): "Transversais". **Revista Galega de Educación** (Tema do número), nº 18, outubro, pp.7-39. (Tamén hai artigos nos números (5, 6, 7, 11, 16, 17).
- AUTORES VARIOS (1995): **Hacer futuro en las aulas**. Barcelona, Intermón.
- AUTORES VARIOS (1995): "Tema monográfico: Educación para la paz". **Revista Interuniversitaria de formación del profesorado**, nº 22, xaneiro-abril.
- AUTORES VARIOS (1995): **Por unha Europa de paz, multiétnica e intercultural**. **Actas do I Congreso Europeo Teachers for Peace**, Santiago de Compostela.
- EDUCADORES POLA PAZ (1986): **Educar para ama-la paz**. A Coruña, Vía Láctea.
- GALTUNG, J. (1985): **Sobre la paz**. Barcelona, Fontamara.
- HICKS, D.(Comp.) (1993): **Educación para la paz**. Madrid, Morata-MEC.
- JARES, X.R. (1988): **Educar para a paz**. Santiago, Dto. de Educación, Concello de Santiago de Compostela. (Existe traducción ó castelán editada polo Concello de Gijón en 1990).
- JARES, X.R. (1991): **Educación para la paz. Su teoría y su práctica**. Madrid, Popular.
- JARES, X.R. (1992): **Transversales. Educación para la paz**. Madrid, MEC (cajas rojas).
- JUDSON, S. Y OTROS (1986): **Aprendiendo a resolver conflictos. Manual de Educación para la paz y la noviolencia**. Barcelona, Lerna.
- MCCARTHY, C. (1994): **Racismo y currículum**. Madrid, Morata-Paideia.
- RODRIGUEZ ROJO, M. (1995): **La educación para la paz y el interculturalismo como tema transversal**. Barcelona, Oikos.Tau.
- SEMINARIO DE EDUC. PARA LA PAZ DE LA APDH (1994): **Educar para la paz una propuesta posible**. Madrid, La Catarata.

NOVAPAZ - BOLETIN DE SUBSCRIPCION

NOME E APELIDOS:

DOMICILIO:

LOCALIDADE: TFNO.:

CENTRO DE TRABAJO: LOCALIDADE:


CUOTA (mínimo 1.000 pts.):

FORMA DE PAGO: Transf. bancaria a Educadores pola Paz. Cta. n.º 04.019453.5 de Caixavigo (O.P.) Vigo.

ENVIA ESTA FICHA E O RESGUARDO DA TRANSFERENCIA A:
Educadores pola Paz. Apdo. 577. VIGO (Pontevedra). España.



EDUCADORES/AS POLA PAZ
Apartado 577 - VIGO
(Pontevedra)



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

